



**MEVADEUS**

PRESENTA

**OUTRORA NÓS**

GAÑADORA DO PREMIO DO PÚBLICO NA CATEGORÍA  
PÚBLICO ADULTO EN VIGOCULTURA 2022





TEASER



Duración: 60'

Público: xoven adulto (+14)

Teatro xestual



# OUTRORA NÓS

Segundo a Real Academia  
Galega: Outrora  
adverbio  
1.Hai tempo, antes.  
2.Noutro momento.

Catro xóvenes, pertencentes á xeración Z, fan unha viaxe entre pasado e presente coa premisa de saber: Qwen seríamos nós outrora nós? O amor e a tradición son o fío conductor desta experiencia escénica que se pregunta de que maneira o desexo de amar e ser amados nos forma, nos conforma ou nos deforma.

Unha mocidade que se atopa para descubrir respostas sobre a identidade tendo a valentía de cuestionar quen son e cara a onde van co desexo de evitar os erros dun pasado que aínda nos pertence.





# A PEZA

Nun contexto onde os nosos dereitos actuais son postos en dúbida, o medo a ser un mesmo condiciona a nosa maneira de relacionarnos. Debido a isto, os relatos dos disidentes, de todas as persoas que viviron ao marxe da sociedade, deben poñerse no foco para dar voz ao cambio.

Evitando así perpetuar patróns que afectan directamente á nosa realidade actual onde as voces individuais son caladas constantemente polo ruído das masas e o consumismo, que nos dicta qué facer. A procura da aceptación xera en nós frustración e violencia, perturbando así a maneira na que entendemos o amor.







## A ESENCIA

En *Outrora Nós*, viaxamos ao pasado para atopar respostas do noso presente, investigando os diferentes tipos de violencia a través da linguaxe corporal. Nesta mestura de pasado e presente, xérase unha expresión propia onde o movemento é o principal narrador desta historia.

A poética corporal mestúrase coa creación en directo da paisaxe sonora a través dun pedal looper e outros instrumentos como o da pandeireta, as voces das intérpretes, cantigas populares cheas de dúbidos sentidos sobre sexo e liberdade e testemuñas documentais e persais que acompañan á linguaxe contemporánea do movemento envolvéndonos en sons doutros tempos desvanecendo os límites entre o aquí e o agora.




# MEVADEUS

Mevadeus é unha compañía de nova creación que nace da necesidade de catro profesionais que tras formarse na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESADg) e gañar o primeiro premio do Xuventude Crea 2021 de teatro coa peza "Agro 5G", deciden continuar investigando as artes do corpo e do teatro físico. Entre os seus últimos logros, cabe destacar o premio do público na categoría público adulto na programación de VigoCultura.

A compañía busca en profundidade achegarse á esencia da natureza humana mediante a experimentación dos corpos e o espazo sonoro, utilizando instrumentos propios do folclore galego, a voz e gravacións documentais.

Mevadeus está formado por Bal Castro, Inés Santos, Brais Pombo e Mara Neira. Para esta última peza conta coa dirección de Alba Villar .





# FICHA ARTÍSTICA

## Elenco

Bal Castro   Inés Santos   Brais Pombo   Mara Neira

Dirección: Alba Villar

Dramaturxia: Mevadeus e Alba Villar

Espazo escénico: María Torres e Carmen Casal (Dúas e punto)

Iluminación: María Torres e Carmen Casal (Dúas e punto)

Vestuario: María Torres e Carmen Casal (Dúas e punto)

Espazo sonoro: Mevadeus

Proxeccións audiovisuais: Alba Villar

Deseño gráfico: Alicia Santos, Inés Santos e Alba Villar

Producción: Mevadeus

Distribución: Amarelo Distribución





# EQUIPO

## BAL CASTRO

Actor formado en interpretación xestual na ESAD de Galicia.

Actualmente forma parte do elenco "Afectos" unha coprodución do Centro Coreográfico Galego coa compañía Kirenía Danza. Anteriormente tamén forma parte do elenco da peza "Primeiro a vida" de Kirenía Danza. No ano 2022 traballa no proxecto europeo "Antibullyng movement series erasmus" na cidade de Hildeshiem, Alemania. Tamén formou parte do elenco da produción do Centro Dramático Galego, *Serva me servabote* o cal se estreou en setembro de 2021.



## BRAIS POMBO

Actor formado en interpretación xestual na ESAD de Galicia. Estudou tamén na Janáček Academy of Music and Performing Arts en Brno, República Checa.

Gañador do Premio Fin de Carreira de Arte Dramática da Xunta de Galicia 2022 e do Primeiro Premio no Xuventude Crea de Música 2022 co seu proxecto musical *Faíscas*. No 2022 realizou prácticas na compañía belga Troubleyn Jan Fabre. En 2020 formou parte do espectáculo *When are we?* no Buran Teatr e no espectáculo de danza contemporánea *Masks* dirixido pola coreógrafa Uršula Teržan. En 2017 participou na performance *532 Pulsaciones* no museo MARCO de Vigo



## INÉS SANTOS

Actriz formada en interpretación xestual na ESAD de Galicia. Está representada pola axencia Aleteia Intérpretes.

No 2022 traballou no Balletatro de Porto coa coreógrafa Né Barros. Formou parte do festival "Escenas do Cambio" (2019), coa peza *O gatillo dá felicidade* coa compañía portuguesa Casa Branca. En 2019 foi seleccionada para a residencia de danza do festival Herdanza coa peza *Heterotopía non CGAC*.



## MARA NEIRA

Actriz formada en interpretación xestual na ESAD de Galicia. Está representada pola axencia Bateacast intérpretes.

No 2022 traballou no Balletatro de Porto coa coreógrafa Né Barros e acompaña diversos proxectos teatrais da man do director e actor portugués Tiago Sarmiento. Foi seleccionada no Encontro Teatral Bambalinas 2020 de Alemaña por Arteficio (performance), e colaborou con distintos proxectos de carácter audiovisual como "O sabor das Margaridas", ou a longametraxe de "Ti Primeiro" (2021), presentadora en Festeiros Tv, entre outros.





# EQUIPO

## ALBA VILLAR



Directora de escena, guionista e documentalista. Titulada superior na especialidade de dirección escénica e dramaturxia pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Creadora de dúas obras teatrais, *Paradies 1933* e *Azul Nonmesquezas* nas cales desempeñou roles tan diversos como a dirección escénica, dramaturxia, deseño sonoro, audiovisual e gráfico.

En 2017, gaña o terceiro premio no certame galego de novos creadores Xuventudecrea na especialidade de videocreación con *Alborada*.

Amplía a súa formación con diversos cursos como: Realización de cinema documental na Escola Lens de artes visuais de Madrid. Taller Intensivo de Dirección Escénica por Carlos Tuñón no Pavón Teatro Kamikaze de Madrid ou Seminario Visións do cinema experimental con P. Adams Sitney no Museo Reina Sofía entre outros.

En 2018, realiza o Máster en Guion Cinematográfico e Series de TV na Universidade Rey Juan Carlos de Madrid. Ao mesmo tempo, traballa como axudante de dirección na compañía de teatro @mandaubicación coa obra *#aboutlastnight* escrita e dirixida por Olivia Delcan e producida por Bella Batalla que se estrea no Corral de comedias de Alcalá de Henares. Ese ano, gaña o primeiro premio no certame Xuventudecrea na especialidade de videocreación con *Sedimento* e en 2019 estrea a peza, a súa primeira curtametraxe documental na Cineteca de Madrid. En 2021 gaña de novo o terceiro premio no certame Xuventudecrea na especialidade de videocreación con *Quebec Delta*.

En 2022 colabora como creadora no deseño audiovisual e gráfico e é asesora de dirección na obra *Nico/Icon* de Sandra Arpa estreada na sala Exlimite de Madrid. Na actualidade, atópase desenvolvendo diversos proxectos teatrais e audiovisuais tanto persoais como en colaboración con otrxos creadorxs.

## CARMEN CASAL E MARÍA TORRES

Escenógrafas encargadas de la gestión, diseño y producción del espacio escénico, formadas en el grado superior de Escenografía en la Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESADg) que forman a empresa *Dúas e punto*.

Traballaron en diversas pezas coma a coproducción do CDG "Cariño" da compañía Vaiembora, a produción "Iphixenia na porta do súper" da compañía Humana. E tamén para Vórtice teatro ca peza "Asfixia".





# A PRENSA

XUNTA DE GALICIA Xacobeo 21:22

Sala de comunicación / Actualidade / Novas

## A Xunta asiste á representación teatral 'Outrora Nós' do grupo gañador do Xuventude Crea 2021 Mevadeus Co

Vigo, 7 de outubro de 2022

ARTEZBLAI el periódico de las Artes Escénicas

Únete a ADGAE Asociación de Empresas de Distribución y Gestión de las Artes Escénicas

ESTRENOS FESTIVALES EN CARTEL OPINIÓN CONVOCATORIAS EL CHIVATO ENTREVISTAS LIBRERÍA

Inicio / Opinión / Firmas / Vela! Voici! | Afonso Becerra / Mevadeus 'Outrora nós' y la gracia

## Mevadeus 'Outrora nós' y la gracia

Afonso Becerra 15 de octubre de 2022 6 minutos de lectura

BOLETÍN DE NOTICIAS

Todas las noticias de Artes Escénicas y novedades

Email

CTVG G24.gal Política Economía Sociedad Deportes Cultura O Tempo

## A nova compañía teatral Mevadeus estréase con 'Outrora Nós'

Nesta peza dialogan coa xeración das súas avoas e xogan co manexo das cantigas que elas interpretaban



erregueté Revista Galega de Teatro

AXENDA ACTUALIDADE CRÍTICA OPINIÓN ENTREVISTAS PALCOS LGBTIQ+ SUBSCRIBETE

## A compañía de teatro físico Mevadeus estrea en Vigo 'Outrora Nós'

O espectáculo, programado por Vigocultura, está dirixido por Alba Villar

G24.gal Política Economía Sociedad Deportes Cultura O Tempo

CTVG DIRECTO TVG RG

## Roberto Pascual: "Mevadeus asina unha 'peza paisaxe' de tempo lento para descubrir a vida"

'Outrora Nós' é a primeira montaxe da compañía Mevadeus

Catro mozos, pertencentes á xeración Z, fan unha viaxe entre tempos e espazos nos primeiros dez anos da vida. Que se ven? Que se fan?





# CONTRATACIÓN


Lilian Portela / Amarelo Distribución Escénica

[lilian@amarelo.es](mailto:lilian@amarelo.es)

Tel. +34 610 106 808

**AMARELO**  
DISTRIBUCIÓN ESCÉNICA





**N**  
**MEVADEUS**